

Pradarías de *Posidonia*.

Hai máis de 300 millóns de anos, unha pranta fanerógama foi aos poucos abandoando o medio terrestre para se adaptar ao medio acuático. Durante millóns de anos, distintas especies destas prantas mariñas de orixe terrestre dominaron os cálidos océanos do planeta. Actualmente existen 50 especies de fanerógamas mariñas. A especie endémica do Mediterráneo é a *Posidonia Oceanica*.

A diferenza das algas, a *Posidonia* posúe raíces, talo, follas, flores, froitos e sementes. Para vivir precisa de augas limpas, ben osixenadas, libres de contaminación e cunha temperatura entre 17 e 20°C.

Pode medrar de xeito horizontal ou vertical. Cando medra en horizontal forma pradarias, e cando o fai de xeito vertical forma matas duns 2 metros de altura. En lugares protexidos do litoral, as follas chegan ata a superficie, formando o que se coñece como arrecifes barreira. Medra moi de vagar, arredor de 1 mm ao ano. A idade dalgunhas das pradarias máis extensas é de máis de 6000 anos.

A *Posidonia* escolle zonas rocosas case desde a mesma beiramar, ou ben zonas areosas de 6 ou máis metros de profundidade, onde xa non lle afecta a acción das ondas. Como pranta que é, precisa da radiación solar para realizar a fotosíntese, polo que non pode habitar fondos profundos de máis (nunca máis de 35 metros), ou pouco iluminados.

A *Posidonia* xoga un papel vital no ecosistema mediterráneo. Aporta osíxeno ás augas e mantenas limpas. As súas follas serven de refuxio e alimento a abondosas especies vexetais e animais. As súas raíces fixan os fondos mariños, ao reter os sedimentos da praia en época de temporais, como auténticos diques submarinos vivos.

As pradarias de *Posidonia* son moi sensibles e vulnerables aos impactos causados polo ser humano. Pradarias que tardaron milleiros de anos en medrar, víronse deterioradas, ou desapareceron totalmente, debido ás construcións masivas na costa, os verquidos de augas residuais ou as prácticas ilegais de pesca.

Para frear a regresión da *Posidonia* promovéronse distintas iniciativas. O programa Posimed, que coordina o Instituto de Ecoloxía Litoral de Campello en Alicante, integra as redes de control de *Posidonia Oceanica* que se desenvolveron de xeito independente nas distintas comunidades do Mediterráneo español. Con estas redes de voluntariado preténdese concienciar á poboación da situación crítica da *Posidonia*, e avaliar o estado de cada unha das pradarias para emprender actuacións que deteñan a súa deterioración.

Para avaliar o estado de conservación das pradarias, os mergulladores voluntarios miden a densidade de feixes por m² e a súa cobertura. Realízanse inmersións a distintas profundidades e compárase o estado das pradarias en diferentes zonas do litoral e en diferentes estacións do ano.

A rede de seguimento está aberta a todas aquelas persoas que desexen participar, ben como mergulladores, ben como persoal de apoio á campaña ou ben no laboratorio para analizar en detalle as mostras recollidas.

Os resultados destas investigacións serven para coñecer qué pradarias se atopan en maior perigo e realizar as actuacións necesarias para preservar estes auténticos bosques submarinos.